

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**10609** *Orde ECC/1762/2012, do 3 de agosto, pola que se desenvolve o artigo 5 do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro, en materia de remuneracións nas entidades que reciban apoio financeiro público para o seu saneamento ou reestruturación.*

O Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro, concretou no seu artigo 5 o réxime aplicable en materia de remuneracións ás entidades que reciban apoio financeiro público do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria para o seu saneamento ou reestruturación, establecendo unha serie de limitacións ás retribucións de carácter fixo e variable que os administradores e directivos poderán percibir mentres a entidade financeira conte con este apoio financeiro público. De conformidade co establecido no artigo 86.2 da Constitución española, o Congreso dos Deputados, na súa sesión do 16 de febreiro de 2012, acordou a súa validación.

O citado real decreto lei habilita o ministro de Economía e Competitividade, no mesmo artigo 5, para desenvolver e concretar os límites ás retribucións, o cal se fará mediante a definición do contido mínimo que as entidades que soliciten apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deberán incorporar aos contratos que regulen a súa relación cos seus conselleiros e directivos.

Estes límites serán igualmente de aplicación, de acordo co establecido no Real decreto lei, aos administradores e directivos de entidades de crédito participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ou que xa recibisen apoio financeiro deste.

A orde ministerial concreta os límites das retribucións de conselleiros e directivos das entidades de crédito, distinguindo se as entidades se encontran participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ou se recibiron apoio financeiro do Fondo, o cal afectará os límites aplicables á retribución fixa e á retribución variable.

A orde precisa o que se debe entender por entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, que son aquelas en que o Fondo posúa de forma directa a participación maioritaria.

En cambio, enténdese por entidades que recibiron apoio financeiro público aquelas que están participadas directa ou indirectamente polas anteriores, sempre que formen parte do mesmo grupo nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio. Igualmente, incluíronse dentro deste último grupo as entidades que deron lugar á dita participación maioritaria, co fin de evitar que queden á marxe os responsables de entidades que orixinan a necesidade dos apoios pero que, polos esquemas deseñados, non os reciben directamente.

Por último, tamén se considerarán entidades que recibiron apoio financeiro público aquelas que, sen estaren participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, recibisen calquera forma de apoio financeiro prevista no Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, así como as entidades dependentes daquelas nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

Para os efectos do cálculo dos límites, teranse en conta as retribucións percibidas das distintas entidades pertencentes ao grupo en que se encuentre integrada a entidade participada ou apoiada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, así como as percibidas das entidades en que os administradores e directivos exerzan calquera cargo por conta ou en representación da entidade participada ou apoiada polo Fondo.

Ademais, en liña co previsto no Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, prohibese que o contrato ou os acordos dos administradores e directivos incluídos no ámbito de aplicación desta orde conteñan previsións de indemnización por terminación de contrato superiores ás previstas no dito real decreto lei, e faise unha definición do que deberá ser entendido, para os efectos da orde ministerial, por indemnización.

A orde ministerial inclúe igualmente un réxime especial para o caso de integración de entidades, suposto en que se deberá presentar ao Banco de España unha listaxe de directivos e administradores, especificando os que quedarán afectados polas restricións establecidas nesta orde e os que non. Ademais, prevese a posibilidade de que o ministro de Economía e Competitividade module ou exima da aplicación do disposto na orde, en determinadas circunstancias, aqueles directivos e administradores que procedan da entidade que motivase o apoio do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Finalmente, no caso de que o apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria se produza no curso dun procedemento competitivo de desinvestimento, o ministro de Economía e Competitividade, logo de proposta motivada do Banco de España, tamén poderá modular ou eximir do cumprimento dos límites anteriores.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto desenvolver o réxime de remuneracións, precisando os límites ás retribucións máximas e indemnizacións que percibirán os directivos e administradores das entidades de crédito que estean participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, recibisen apoio do dito Fondo ou o vaian solicitar, para o seu saneamento ou reestruturación, de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde será de aplicación aos administradores das entidades de crédito, así como a aqueles directivos que teñan coa entidade unha relación laboral de carácter especial de persoal de alta dirección nos termos do artigo 1 do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

A orde aplicarase a aquelas entidades de crédito que, co obxectivo de proceder ao seu saneamento ou reestruturación:

- a) estean participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria,
- b) recibisen apoio do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, sen se encontraren maioritariamente participadas por este; ou
- c) soliciten apoio do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

2. Para os efectos desta orde, entenderase por entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aquelas en que o Fondo posúa de forma directa a participación maioritaria, e por entidades que recibiron apoio financeiro público as participadas directa ou indirectamente polas anteriores, sempre que formen parte do mesmo grupo nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio, así como as entidades que desen lugar á dita participación maioritaria.

Igualmente, consideraranse entidades que recibiron apoio financeiro público aquelas que, sen estaren participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, recibisen calquera forma de apoio financeiro prevista no Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, así como as entidades dependentes daquelas nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

3. Esta orde será tamén de aplicación, na parte que corresponda, ás condicións retributivas dos directivos e administradores das entidades previstas no número 1 cuxa relación coa entidade non se regule en ningún contrato escrito.

4. As entidades que soliciten apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria para o seu saneamento ou reestruturación, como requisito necesario para gozar del, deberán incorporar aos contratos ou acordos de remuneración que regulen a súa relación cos seus directivos e administradores o contido e as regras previstas nesta orde.

5. As limitacións establecidas nesta orde aplicaranse a partir do exercicio 2012 e levantaránse unha vez producido o saneamento cando así o declare o Banco de España, logo de informe do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, por considerar que cesou a participación maioritaria ou o apoio financeiro do citado Fondo sobre a entidade, e logo de pagamento, amortización, rescate ou alleamento dos títulos subscritos polo Fondo, ou cando de calquera outro modo se entenda reintegrado a este o apoio financeiro prestado.

#### *Artigo 3. Límites ás retribucións máximas en entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Os membros non executivos dos órganos colexiados de administración de entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria non poderán percibir unha retribución fixa bruta anual superior á indicada no artigo 5.3.a) 1.<sup>a</sup> do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, por todos os conceptos.

2. Os presidentes executivos, conselleiros delegados ou cargos similares, así como os directivos das entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria non poderán percibir unha retribución fixa bruta anual, por todos os conceptos, superior á indicada no artigo 5.3.a) 3.<sup>a</sup> do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro.

3. As persoas a que se refiren os números anteriores non percibirán retribucións variables mentres o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria posúa unha participación maioritaria.

#### *Artigo 4. Límites ás retribucións máximas en entidades que reciban apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. A retribución fixa bruta anual, por todos os conceptos, dos membros non executivos dos órganos colexiados de administración das entidades que, sen se encontraren maioritariamente participadas no Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, reciban apoio financeiro deste, non será superior á indicada no artigo 5.3.a) 2.<sup>a</sup> do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro,

2. Os presidentes executivos, conselleiros delegados e directivos das entidades que, sen se encontraren maioritariamente participadas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, reciban apoio financeiro deste, non poderán percibir unha retribución fixa bruta anual, por todos os conceptos, superior á indicada no artigo 5.3.a) 4.<sup>a</sup> do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro,

3. A retribución variable anual dos directivos e administradores previstos neste artigo non poderá exceder o 60% da retribución fixa bruta anual. O comezo da súa percepción diferirase tres anos desde a súa remuneración e condicionarase, en todo caso, á obtención dos resultados que, en relación co cumprimento do plan elaborado para a obtención do apoio financeiro, xustifiquen a súa percepción. A retribución variable poderá alcanzar ata o 100% da retribución fixa bruta anual, logo de aprobación do Banco de España, en caso de directivos contratados con posterioridade ou de forma simultánea á recepción de apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

4. En todo caso, corresponde ao Banco de España autorizar expresamente a contía, devindicación e aboamento de calquera retribución variable aos administradores e directivos nos termos establecidos no número anterior, no artigo 76 septies do Real decreto 216/2008,

do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, e na norma centésimo quinta da Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

*Artigo 5. Regras para o cálculo dos límites.*

1. Para o cálculo dos límites previstos nos artigos anteriores, teranse en conta todas as retribucións percibidas das distintas entidades pertencentes ao grupo en que se encontre integrada a entidade participada maioritariamente ou apoiada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio. Igualmente, entenderase que forman parte da retribución as retribucións, axudas de custo, indemnizacións ou cantidades asimiladas que os directivos e administradores perciban de entidades en que exerzan calquera cargo por conta ou en representación da entidade participada ou apoiada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Para os efectos da aplicación dos límites previstos na orde, cando algún directivo ou administrador desenvolva simultaneamente diferentes funcións en distintas entidades do grupo, o límite que corresponda ao posto na entidade de crédito que exerza directamente o negocio financeiro será de aplicación á suma total das retribucións que o directivo ou administrador perciba.

2. Para os efectos previstos nesta orde, as achegas a plans de pensións ou a calquera outro instrumento de previsión social derivado de convenio ou acordo colectivo terán a consideración de retribucións fixas.

3. Para os efectos previstos nesta orde, os beneficios discrecionais de pensións, nos termos descritos polo artigo 76 quinquies do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, terán a consideración de remuneración variable.

4. Así mesmo, considerarase retribución, xa sexa fixa ou variable, calquera tipo de remuneración en especie, pola súa correspondente valoración.

*Artigo 6. Indemnizacións.*

O contrato ou os acordos dos directivos e administradores incluídos no ámbito de aplicación desta orde non conterán previsións de indemnización por terminación de contrato superiores ás previstas na disposición adicional sétima do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, sen prexuízo do disposto no seu punto un.2. Así mesmo, deberán garantir que o pagamento das ditas indemnizacións se axustará ao disposto no artigo 76 quinquies.1.h).1.º do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, incluíndo cláusulas que condicionen e, de ser o caso, extingan o dereito á percepción de indemnizacións en función da solvencia e dos resultados da entidade.

Para os efectos previstos nesta orde, o termo indemnización por terminación de contrato inclúe calquera cantidade de natureza indemnizatoria que o directivo ou administrador poida recibir como consecuencia da terminación do seu contrato, calquera que sexa a súa causa, orixe ou finalidade, de forma que a suma de todas as cantidades que se poidan percibir non poderá superar os límites previstos no Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro.

*Artigo 7. Regras aplicables nos procesos de integración de entidades.*

1. No caso de integración de entidades previsto no artigo 5.6 do Real decreto lei 2/2012, do 6 de febreiro, os directivos e administradores que non formen parte da entidade participada maioritariamente ou apoiada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ou que deron lugar á dita participación ou apoio, non quedarán afectados polas limitacións contidas nesta orde aínda cando pasen a desempeñar as súas funcións na entidade participada ou apoiada con posterioridade á integración.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, deberase presentar ao Banco de España unha listaxe de directivos e administradores, especificando os que quedarán afectados polas restricións establecidas nesta orde e os que non, e tamén aqueles aos cales se pretenda acoller á previsión do número 3 seguinte. A dita listaxe presentarase de xeito simultáneo co resto dos documentos que, segundo a normativa aplicable, se deban presentar ao ministro de Economía e Competitividade co obxecto de obter a autorización da integración.

3. Respecto aos directivos e administradores que procedan da entidade que precisase o apoio financeiro ou que dea orixe a este, o ministro de Economía e Competitividade, por proposta motivada do Banco de España, á vista do plan de retribucións presentado no marco do proceso de integración regulado no artigo 2 do Real decreto lei 2/2012, do 6 de febreiro, e da situación económico-financiera das entidades participantes nel e, en especial, atendendo ao obxectivo de lograr unha xestión máis eficiente, poderá modificar os criterios e límites fixados na presente orde ministerial e no Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de acordo co previsto no punto 5.6 do citado real decreto lei. Para tales efectos, a entidade afectada deberá determinar aqueles directivos e administradores aos cales será de aplicación o anteriormente previsto, así como as retribucións que se propoñan, e deberá xustificar adecuadamente a necesidade de modificar os criterios e límites fixados na presente orde ministerial e no Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, no xeito proposto, en atención á situación do mercado. En todo caso, as retribucións variables propostas para os administradores e directivos non poderán exceder o 100% da retribución fixa.

*Artigo 8. Regras aplicables nos procesos de desinvestimento.*

Cando o apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria se produza no curso dun procedemento competitivo de desinvestimento a través dalgunha das medidas previstas no artigo 7.3.a) do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, e sempre que o dito apoio quede incluído dentro do ámbito do artigo 5.3 do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, o ministro de Economía e Competitividade, logo de proposta motivada do Banco de España, á vista da situación económico-financiera da entidade e, en especial, atendendo ao obxectivo de lograr unha xestión máis eficiente, poderá modular ou eximir do cumprimento dos límites previstos nesta orde os directivos e administradores que vaian desempeñar as súas funcións na entidade adxudicada.

*Disposición derradeira primeira. Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española.

*Disposición derradeira segunda. Facultades de desenvolvemento.*

Habilítase o Banco de España para ditar as normas precisas para o desenvolvemento e a execución desta orde.

*Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de agosto de 2012.–O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.